Trasalba 8 agosto
(Ourense) 1968

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Santiago de Compostela

Meu querido e admirado amigo e mestre: Unha aproveita de sexolle como a sua dona — b. s. p. — e fillas un calmo e doce folgar. O folgar, latexante de idear, de un creador, de un erudito, vivente e goroso como Vde. Falaime da má situación, "crumena vácua", de Xosé Mª Alvarez Blázquez e de que lle escribe a Vde que polo visto é do xurado do Premio dos 400 mil reas de Diputación de Cruña, pra axudar a guiar ise Pactolo a alxibeira do noso comun amigo. Fágoo con moito gosto e pracer. E fique isto baixo tampa tumbal, "perpetuo silencio" como imprimían algunhas prudentes decisiós do Consello de Castilla. Nos, Pita e eu, iremos a Santander nos derradeiros de iste mes. Eu darei naquil Ateneo un dos 4 ou 5 leccios sobre meu neboento e melancónico-sillo... patrocinio Chateaubriand. E cecais me chegue ó Congreso de Escritores anunciado en S. Sebastián pros días 15 a 21 — ou 22 — de setembre. Estóu moi ledo co triunfo de Horacio López Casanova nas oposiciós. Hoxe van saindo bos guiei-

1190

nos de xente moriña. Da escola de Vde. Soio teño moi vagas ilus-
tracións sobre os xogos Froebéis de Bos Aires. Estóu desexando saber al-
go seguro. Din que vai Méndez Ferrín. Pro outro vino, de pasaxe, en
Ourense e non dixo ren. Eiquí bon centeo, bon augurios de
vendima, e o millo e as patacas "sub iudice". Pende dun
consello de auga. O millo "está cas manciñas desfeitas", "es-
tá esvarillado" din por eiquí. Saúdos na casa. Con memo-
rias de Fita. Sempre amigo e admirador,

R. Otero Pedrayo